

PLENARIO DE EN MAREA

13 DE XULLO DE 2019

Emendante/s:

Mary Camiña Vázquez, Roi Marquez Ricon, Elena Cores Leiro, Samuel Castro Iglesias, Enrique Oubiña Lago.

Documento que se emenda: (Marcar cun *)

- Tese política: Apuntes para o futuro político dende a marea
- Documento organizativo: Afondar nos acordos de Vigo
- Regulamento para o Plenario das Mareas
- Regulamento para a elección do Consello das Mareas

Páxina/s: 3 Liña/s: 93 a 125

Tipo de emenda emenda: (Marcar cun *)

- Eliminación
- Substitución
- Engádega

Texto da emenda:

8. Os niveis de decisión política serán o municipal e o nacional. **Respetando a súa independencia política, Estimularase e favorecerase o impulso e desenvolvemento da plataformas municipalistas nos concellos onde existan, (tal como se acordou no Plenario de decembro de 2016) e a súa creación onde non, como piares fundamentais do funcionamento de En Marea e través súa conexión coa cidadanía e cos movementos sociais. Para asentar o traballo conxunto establecerase un pacto de colaboración básico, onde quede patente a independencia política de ambas partes, así como o compromiso de colaboración mutua. Promoverase a relación comarcal das plataformas municipalistas coa finalidade de dar resposta ás necesidades comúns da veciñanza da bisbarra, como espazos onde ser quen de poñer en común o traballo a nivel institucional, social e de intercambio de información entre os municipios, e tamén como lugar onde artellar as solucións para aquelas necesidades que superen o eido municipal, pois existen interconexións sociais, económicas e territoriais entre os concellos ás que se lles debe dar resposta. A comarcalización terá en conta a realidade galega. En caso de contradicións entre posicionamentos que afectan a ámbitos supramunicipais corresponderá ao ámbito nacional a súa mediación inicial e en última instancia a súa resolución.**

9. O nivel comarcal, definido como “Mesa Comarcal”, estará formado polas persoas que cada plataforma designe como representante, máis unha persoa designada pola Coordinadora de En Marea para os concellos que non teñan representación, que deberán ser persoas adheridas a En Marea a nivel do concello en cuestión, e se non fora posible da comarca en cuestión. Cada Mesa Comarcal elixirá unha persoa como representante comarcal, que dinamice e axilice a interlocución coa organización a nivel nacional. Esta persoa deberá ser adherida a En Marea, pero non poderá ter cargo orgánico dentro de En Marea, para evitar duplicidades ou conflitos de intereses.

10. As comarcas serán espazos de deliberación, e de traballo político no ámbito comarcal, onde terán independencia política, pero non terán carácter decisorio nas cuestións que competan a En Marea. Serán espazos onde tecer rede, necesaria para fornecer a organización, pero non serán espazos estruturais de En Marea.

11. Entre as funcións da persoa representante comarcal estarán establecer canles fluídas de comunicación entre os distintos axentes (sociais, culturais...) espallados pola comarca, promover a xeración de dinámicas de cooperación entre os diferentes municipios e mareas municipalistas que conforman a comarca, coordinar políticas no seu ámbito de actuación e fomentar a superación dos localismos.

12. As Mesas Comarcais poderán facer propostas, demandar información e rendicións de contas, organizar actos, partillar coñecementos, xerar canles de cooperación de todo tipo, e establecer asembleas nas súas respectivas áreas de influencia, tendo completa autonomía respecto da súa convocatoria, réxime de sesións, levantamento e difusión de actas, etc... As Mesas Comarcais renderán contas ante as plataformas municipais que as compoñan.

2

Explicación da emenda:

O texto oficial plantexa unha estrutura que deixa fora da edificación e do funcionamento de En Marea as plataformas municipalistas, creando estruturas comarcais. Entendemos que vai contra o espírito orixinal de En Marea e que as plataformas municipais deben ser a base política sobre a que se constrúa En marea.

DITAME

PROPOSTA DA COMISIÓN DO PLENARIO E DO CONSELLO DAS MAREAS:

A DEBATE

